

CON QUE SE ENFRÍA O CALDO

Era unha viúva moi pobriña e tiña un fato de fillos pequechos. Un día, o máis grandíño, que apenas xa era coma unha frangulla, foi e díxolle:

—Mi madre, eu xa logo son un home e podía botar me polo mundo. ¿Déixame ir servir?

—¡Ai, meu filliño! —díxolle ela—. Eu deixar, deixo, abofé, mais o servir éche moi trabaloso, meu filliño. Non coides que as casas de servir son bens de herdar. Vaite cando queiras, mais inda has botar de menos a túa casiña, pois con toda a pobreza vale moito máis a casa de cada un que a casa máis rica cando é allea, mais que che pese, pois a túa éche sempre boa, o que non che é a allea, onde ao criado novo danlle pan e ovo, e ao criado vello danlle o pan do demo.

Foise o rapaz cavilando no que a súa nai lle dixera e, como era moi espelido, sempre que chegaba a unha casa preguntaba:

—E logo, ¿seica que queren un criado?

Se lle dicían que non, seguía camiño adiante e, cando unha vez lle dixeron que si, preguntou decontado:

—¿E como enfrían o caldo nesta casa?

Mirouno con estrañeza a dona e respondeulle:

—¿E con que ha de se enfriar? Con auga, neniño, con auga.

O rapaz daquela tocou a andar e outro día, ao preguntar noutra casa, respondéronlle:

—Soprando, meu neno, soprando.

Tampouco lle conviu e seguiu para adiante e, ao cabo, aconteceu despois de moito camiñar que chegou onde unha velliña, e, ao lle dicir el:

—¿E como enfrían o caldo nesta casa?

Dixo ela:

—Con pan, meu filliño, con pan.

Daquela o rapaz cavilou que a casa era boa e quedouse nela e disque atinou tan ben e se deu tan bo xeito co seu saber que botou alí moitos anos, os vellos tomáronlle lei e seica foi o seu herdeiro.